



Edición xestionada por ti

## I Xornadas de Historia da Estrada: A Historia como recurso turístico

A Concellaría de Medio Rural e Turismo da Estrada organiza as primeiras xornadas de Historia da Estrada centradas na Idade Media. Estas levaranse a cabo o **15 e 16 de xaneiro, ás 19 horas, na Sala de Exposicións Caixa Nova da Estrada.**

Enviada por [ve](#) [xosemanuel](#) o 08/01/2010 17:14

Na primeira xornada, o **venres 15 de xaneiro**, intervirán **Anselmo López Carreira**, coa súa palestra "**O contexto Político de Galiza no Mundo**", e **Mercedes Brea**, coa palestra "**Os trovadores da Comarca**". Ao día seguinte, o **sábado 16, ás 10:30 horas**, partirá da praza do Concello un roteiro que **discorrerá até a Torre de Guimarei e a Igrexa de Ouzande**. Pola tarde, **ás 19 horas**, proxectarase o vídeo "**A Estrada románica**" e a continuación, o escritor, **Xosé Luna**, expoñerá a palestra "**O noso románico**". Con estas xornadas a Concellaría de Medio Rural e Turismo non só dar a coñecer o noso rico patrimonio arquitectónico, senón vinculalo á nosa historia para coñecérmonos mellor as nosas orixes.